

COSTA BRAVA, LÍBANO

Mounia Akl, 2021

938

ESTREA EN NUMAX: 27.05.2020 | V.O.S.E. | +12 | 106 min.

A familia Badri escapou de Beirut para construír a súa utopía particular lonxe da polución e a conflictividade da grande urbe. Pero este oasis de resistencia ao capitalismo global vese ameazado polos avances dun vertedoiro próximo e as gretas internas dentro da familia.

«Impresionante debut de Mounia Akl que funciona como fascinante drama doméstico e elegante alegoría política»

Wendy Ide, SCREENDAILY



Entrevista con Mounia Akl: «Puxen en escena a relación de amor e odio que manteño co meu país»

Por Nora Muñoz Otero

En que contexto se comeza a cocinar o filme e con que intención? Hai dúas ideas que se solapan no guión. A primeira é o tema privado da familia, un ámbito que sempre me fascinou. O filme é en parte un retrato da miña familia pero sen ser evidente. De feito, comecei escribir guións a partir da observación dos seus diferentes membros. Por outra banda, será a miña familia a que me vai introducir no mundo do cinema a través das clases de teatro. O filme remite tamén a un debate que se fai case calquera libanés.

Cal? A relación de amor e odio co país. Obviamente a crise do vertedoiro de lixo é unha alegoría sobre como está a funcionar o Líbano, cun goberno cheo de corrupción con consecuencias no ambiental e o político. Non podemos planificar o mañá porque a política define tamén a esfera do íntimo e familiar.

Traballaches a problemática dos vertedoiros noutros traballos como *Submarino* (2016) ou *Beirut, I Love You* (2009), en formato curto. Por que se mantén nas longametraxes? Cando presentei *Submarino* en Cannes abríronse moitas portas e foi naquel momento cando decidín escribir a miña primeira longa que coincidiu ademais coa crise do lixo. Unha crise que afectou de maneira transversal á sociedade libanesa. Pero como digo considéroa unha metáfora que explica como funciona o país enteiro, destruindo familias, a saúde da xente, parte da economía... e todo pasa pola avaricia dos políticos corruptos e as súas ansias de riqueza.

Á hora de escribir a historia baseácheste nas túas experiencias ou nas da túa contorna? Creo que todo o que escribo provén das cousas que vivín ou coñecín de preto. O filme é unha ficción, pero si que hai unha parte moi persoal de experiencias vividas ou observadas que pasaron ao meu redor. Por exemplo, cando era pequena meus pais divorciáronse e o meu xeito de calmar a ansiedade era contar até 44, como fai Rim, a xeito de ritual máximo.

O filme toca outros temas como a sostibilidade ou o feminismo. Como conseguiches introducilos sen sobrecargar a historia? Escribín o guión con Clara Roquet coa que decidín traballar de xeito concreto o arco de cada personaxe. Decidimos vincular a invasión externa do vertedoiro coa reacción interna de cada un deles. Para a adolescente Tala representa a liberdade e o espertar. Para a pequena Rim é unha cuestión de protección. A Soraya lémbrale o seu pasado e a Walid os seus medos.

Como foi traballar o guión con Clara Roquet e a montaxe con Carlos Marcet? Creo que cada persoa achegou todo o que puido en cada momento sen tampouco querer chegar a onde non coñecían. No tocante a Clara, como dixen, involucrouse na introdución do tema familiar no guión, un ámbito que lle interesa e coñece ben. A parte política cedíamais máis a min. Carlos traballa moi ben a evolución interna dos personaxes na montaxe. Son dúas persoas moi intelixentes que fixeron moita busca pola súa conta o que facilitou moito o meu traballo.